



## ❑ Título da unidade:

### TEMA 5:

## DESCARGA DA CARTOGRAFÍA BASE DO CENTRO DE DESCARGAS DO CNIG

## ❑ Descrición xustificación:

O Centro de Descargas é un sitio web do Centro Nacional de Información Xeográfica (CNIG) dende o que se poden descargar gratuitamente ficheiros de información xeográfica dixital xerada polo Instituto Xeográfico Nacional (IGN).

Nesta unidade aprenderemos a usar o portal para conseguir a descarga directa da cartografía base precisa na elaboración do noso proxecto.

## ❑ Obxectivos:

Os obxectivos que se acadarán rematada a unidade son:

- Coñecer o centro de descarga do CNIG.
- Coñecer o catálogo de produtos que podemos descargar do CNIG.
- Familiarizarse coa cuadrícula MTN50 e MTN25 para a búsqueda de produtos.
- Descargar no disco duro aqueles ficheiros que serán precisos na elaboración do noso proxecto.

## ❑ Contidos:

### Conceptuais:

- O centro de descargas do CNIG nacional.
- O catálogo de produtos do centro de descargas do CNIG.
- O Plan Nacional de Ortofografía Aérea (PNOA).
- A Distribución da cuadrícula cartográfica MTN50 e MTN25 en España.

### Procedimentais:

- Búsqueda de ficheiros no visor do centro de descargas do CNIG.
- Búsqueda avanzada de ficheiros do centro de descargas do CNIG.
- Descarga de ficheiros do centro de descargas do CNIG.

### Actitudinais:

- Colaboración nos foros do curso co resto do alumnado.



### ❑ Metodoloxía:

A proposta de traballo utilizada no curso será a empregada nesta unidade. Unha vez revisada a guía didáctica da mesma deberás empezar estudando a documentación que se te ofrece para coñecer os conceptos básicos e os procedementos de traballo. Cando consideres ter adquiridos os mesmos, realiza a autoavaliación da unidade e a tarefa proposta. Recorda colaborar cos teus compañeiros/as na resolución das dúbidas no foro.

### ❑ Avaliación e mínimos:

#### Criterios de avaliación:

- Recoñecer os ficheiros apropiados para o traballo sobre o mapa base.
- Realizar a búsqueda e descarga dos ficheiros necesarios.
- Manexar os produtos do centro de descargas do CNIG.

#### Ferramentas de avaliación:

- **Cuestionario** de autoavaliación online. Consistirá nun test verdadeiro/falso sobre a temática explicada.
- **Tarefa** ou actividade sobre a unidade. Deberás contestar as preguntas solicitadas ou incorporar “pantallazos” que demostren que realizaches as operacións propostas e posteriormente subir á plataforma o exercicio para a súa corrección.

#### Mínimos:

- O cuestionario de autoavaliación online debe ser superado cun 70% da nota e dispós dun número de intentos ilimitado para conseguilo.
- A tarefa deberá ser valorada cunha nota do 50% seguindo os criterios específicos de corrección para considerala superada.